Saúdo da Dirección

Temos xa nas nosas mans o sexto número da revista do instituto Pedro Floriani, cunha importante novidade: tivo que mudar o nome para adaptarse a nova normativa do galego. Agora chámase *Viaduto*. Xa que logo, saudamos a súa presenza con ledicia.

Igual que nos números precedentes, segue a ser un estupendo vehículo para reflectir o que sucede no noso centro ao longo do curso.

A través das imaxes e textos que aquí se nos mostran podemos coñecer as actividades levadas a cabo no instituto, as creacións artísticas e literarias do noso alumnado, e, sobre todo, a ilusión que poñemos no día a día do noso labor e na elaboración da propia revista.

Unha vez máis, volveremos falar das novas legais. Este curso botou a andar a Lei de Ordenación Educativa (LOE), pero será o próximo curso cando apreciemos os cambios máis importantes.

Teremos unha nova dirección por catro anos que afrontará unha tarefa de grande responsabilidade e repercusión na comunidade educativa. Poráse en marcha o plan de convivencia, o plan lector e o plan TIC que transformarán o Proxecto Educativo do centro. Así mesmo, implantaránse os novos cursos de ESO, 1º e 3º, coas novas materias e distribución horaria. Todo isto conlevará algunhas modificacións na vida do centro que precisarán do apoio e comprensión de todos os sectores da comunidade educativa.

O novo Regulamento Orgánico de Centros, que anuncian está próximo a publicarse, servirá de axuda para a organización e bo funcionamento do centro, e coa participación e colaboración de todos será unha tarefa máis fácil de levar adiante.

Por outra banda, aumentarase o número de materias que se impartirán obrigatoriamente en galego, en aplicación do nova lexislación de normalización lingüística.

É o noso desexo que todos estes cambios, e os que quedan por vir, ao ir aplicándose o calendario de implantación da LOE, redunden nun ensino de calidade que forme cidadáns críticos, que valoren a cultura e a formación para ser libres e respectuosos dos dereitos humáns.

Por último, de xeito persoal quero aproveitar esta ocasión que me brinda a revista para despedirme como directora a partir do próximo curso e expresar o meu agradecemento a todo o alumnado, profesorado, persoal de administración e servizos, e pais e nais, que ao longo dos sete anos en que exercín o cargo levaron adiante o proxecto educativo e fixeron doado o noso traballo, o da directora e o do resto do equipo directivo, a quen tamén aproveito para lles agradecer de corazón a súa dedicación e paciencia. Non esquezo que as dificultades xurdiron nalgúns momentos. Se o xeito de resolvelas non agradou a alguén, espero que saiban comprender e perdoen os erros que poidera ter cometido.

Desexo que a revista teña unha longa andaina e poñerei á súa disposición todo o que estea nas miñas mans para que así sexa dende o exercicio do meu traballo de profesora.

Ata sempre.

Un saúdo.

A directora

C. Teresa Prieto Estévez

Editorial

Unha mañá tras outra, palabras, milleiros de palabras , de sorrisos, de saúdos. O bule bule dos corredores, as alegrías, as notas, os desgustos, as excursións, as preguntas.... Todo isto constitúe o marco, o espazo de aprendizaxe e convivencia que construímos cada día.

Algúns psicólogos din que as cousas que se aprenden con emoción quedan para sempre na memoria. Algunhas das experiencias que temos vivido no Centro lembrarémolas sempre, son experiencias cheas de forza e coñecemento, por iso constitúen puntos importantes da nosa aprendizaxe de vivir, do noso desenvolvemento como persoas.

Cada cousa que aprendemos sérvenos como ferramenta para interpretar o mundo que os nosos vellos nos deixaron. E non soamente aprende a xente nova. Neste ir e vir de experiencias todos aprendemos algo cada día, porque a aprendizaxe está ligada á experiencia e o ser humano nunca para de aprender.

Nós, a mocidade estamos aprendendo algunhas cousas que son importantes para afacernos co mundo que nos espera fóra, son ferramentas imprescindibles para que, chegado o día, construamos a sociedade á nosa maneira, haberá cousas que cambiemos e outras que continuarán, quizais agora xa estamos construíndo o futuro, xa agroma en nós un xerme cheo de iniciativas que precisan ser expresadas, postas en común , darlle forma no exterior. As cousas non basta con pensalas é importante amosalas ós outros e, se podemos, realizadas. Tamén precisan de orde, estabilidade e coñecemento. É esta a orixe da cultura?

Nós, a mocidade

As palabras e as imaxes que aparecen nesta revista son unha representación do que somos, do que vivimos cada día no instituto, na sociedade, no tempo que nos tocou vivir, amosan os nosos pensamentos, as nosas reflexións, as nosas arelas, os nosos entretenimentos.....

Por iso prácenos estar aquí de novo e sentímonos felices de presentar este novo número froito do enxeño e da ilusión.

Que sexán moitos máis!!!

17 de maio Día das letras Galegas

María Mariño Carou

María Mariño Carou naceu na vila de Noia o día 8 de xuño de 1907. A súa familia era de condición social humilde pois seu pai, Xosé Mª Mariño Pais era zapateiro de profesión, e súa nai, Filomena Carou Lado, traballou de xastra no pobo. A nena María conviviu durante a súa infancia nun ambiente rural, a carón da natureza, que será clave na súa obra inicial. Foi coñecida durante a súa xuventude como María «a costureira» xa que se dedicou a coser polas casas dos veciños e as persoas que a coñeceron coincidiron en describila como unha muller sensible, reservada e solitaria, de gran beleza física e dunha certa elegancia, á que lle gustaba pasear pola ribeira do mar e contemplar extasiada a paisaxe.

Antes da Guerra Civil e debido a problemas económicos, María e os seus familiares trasládanse a Boiro á casa dunha tía que traballaba de cociñeira no Pazo de Goiáns. Alí, na biblioteca do pazo, será onde a poeta se nutra do saber enci-clopédico e entrará en contacto coa literatura escrita. Pasará unha tempada en Biscaia, na casa da súa irmá Concha e logo volverá a Boiro. En Boiro coñecerá ao que será o seu home, o santiagués Roberto Posse Carballiño, que fora destinado como mestre a Boiro e co que casará en 1939.

Recén casados marchan ao País Basco onde Roberto imparte clases. A morte do seu fillo ao mes e medio de nacer, xunto ao pasamento posterior de súa nai, someten a María nunha profunda depresión e o matrimonio decide voltar a Galiza para instalarse, primeiro en Romeor do Courel e despois, no 1947, en Parada onde habitará a escritora ata a súa morte.

Nos anos 50 entra en contacto coa familia do poeta Uxío Novoneyra co que mantén unha estreita relación, tanto de amizade como literaria. No 1957 comeza a escribir e no ano 1963, Uxío Novoneyra xestiónalle á súa amiga a publicación do seu primeiro poemario *Palabra no tempo* que sae á luz da editorial Celta de Lugo, na colección «Tesos cumes», con prólogo de Ramón Otero Pedrayo.

Pasa toda a vida illada nas terras do Courel sen se vincular aos círculos literarios galegos do momento; aínda así, a través de Novoneyra, coñeceu a personalidades da cultura galega como a Manuel María, Ramón Piñeiro, Domingo García Sabell, Sixto Seco etc.

En 1966, María Mariño enferma de leucemia pero este mal non lle impide seguir a súa labor poética. Dende febreiro deste ano ata marzo do 1967, escribe os 35 poemas que integrarán o seu derradeiro libro *Verba que comenza*.

Os poemas de *Verba que comenza* verán a luz vinte e sete anos despois, en 1990, nunha homenaxe levada a cabo polo Concello de Noia. Na actualidade contamos cun volume que recolle a obra completa de María Mariño, publicado en 1994 por Victoria Sanjurjo Fernández.

OBRA

Palabra no tempo (1963). Componse este libro de 70 poemas que recollen parte do transcurso da vida da poeta: recordos da infancia e adolescencia, nostalxia da xuventude perdida, dor pola morte dos seus seres queridos… baixo un marco espacial do mar de Noia e da montaña courelá.

Conxuga nesta primeira obra textos tecidos con moldes estróficos tradicionais -versos octosílabos e rima asoante, agrupados en cuartetas, redondillas e quintillas- nos que se destacan abundantes recursos populares baseados na recorrencia fónica, gramatical e sintáctica (analepses, paralelismos, anafóras, etc.) que nos

1960. Parada do Courel. María Mariño diante de Uxío Novoneyra. Logo Salete Gay, Roberto Posse Carballido e Manuel María.

María morre o 19 de maio de 1967 sen ver a súa segunda obra publicada. lembran os *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro: «*En sentía un lonxe triste /*

eu sentía nel ledicia, / eu quería quedar soia (…)».
O elemento natural cobra relevancia no poemario; unha natureza na que se fusiona o eu poético: «*Viste a Natureza vestido feito por min / Visto eu dela o mellor forro* (…)» para contrarrestar o desmoroamento físico que sofre a poeta.

Verba que comenza (1990). Publicado postumamente, agrupa os poemas escritos entre marzo de 1966 e marzo de 1967. As composicións preséntanse en verso libre e manteñen entre si unha grande unidade temática e estilística, pois responden á situación de deterioro físico do que é consciente a poeta, quen se acaba resignando ante a inmediata chegada da morte: «*Tirada entre mesturada terra estou / quero, quero e non podo erguerme, / aplástame a chuvia, / lévame o vento,* (…)».
Esta situación vital da autora vai parella coa destrución da natureza que se nos ofrece mediante imaxes de patetismo: «*Fúndese a terra, / fúndese / con torres e casiñas* (…) / *A chuvia non chega ao chan*».

TEMÁTICA DAS SÚAS OBRAS

O TEMPO. Refírese tanto ao tempo físico (presente e pasado) e ao tempo metafísico ou da conciencia (síntese do pasado e do presente) que condicionan o seu vivir actual.

Quero saír a un camiño e non sei
por onde andar.
O hoxe non sabe ir soio.
Onte lévao pola man.

O meu camiño hoxe
ten o mirar dun antonte.

A NATUREZA. Concebida como marco espacial de moitos poemas (o litoral e a montaña) e coa que a poeta mantén unha íntima comunión espiritual:

Encólleme para entrar de novo en
ti, Mundo.
Acurrucada rógoche que deas
altura á miña
cabida,
que flote en ti, que en ti se
esparza,
e nas túas áas me acollas,
amplia e sinxela, e digas a berro
limpo:
¡Nace de min!

A INTIMIDADE E A PALABRA. Alma e palabra identificadas coma unha única realidade materializada no poema.

Linme hoxe toda por dentro.
¡Linme!

A DESTRUCIÓN E A MORTE. Temas moi recorrentes ao longo da obra.

De forte ollar, amiga,
e frío que non se quenta.
Amiga, que eres de todos
e por ninguén esquecida.

Soia co teu silencio

Bibliografia:
Blanco Carmen, *Literatura galega da muller*, Vigo, Xerais, 1991
Blanco, Carmen, *María Mariño. Vida e obra*, Vigo, Xerais, 2007
Mariño, María, *Obra completa, Vigo,* Xerais*,* 1994

Rincón poético

A noite leva xemidos descarnados e profundos
son de Galiza que chora soíña a súa dor.
O lume paseou por Ela e xa nada lle deixou
só cinzas e fume que todo matou.
Xa nada temos, nada quedou
berra a nai Terra con desolación.
Mais o alegre manancial non lle deixa de cantar,
os galegos van loitar.
Unha raiola de sol chisca o ollo no lugar,
o fume non é tan negro,
¿terá o manancial razón?

Como chora unha rapaza
cando os pais están a berrar.
Cala rapaciña, cala
que isto non está a pasar.

Que será desa nena
cando teña que medrar,
e unha man se levante
para querela estrelar.
Ancián que vas no camiño
nunca olles para atrás
segue sempre cara adiante
e non deixes de espreitar.

Nube que andas preñada
non te fagas de rogar,
pois a Terra queimadiña,
esperando por ti está.

Que leda está unha nai nova
cos seus fillos ao seu carón,
sin saber que algún deles
partiralle o corazón.
Barco que entras no Mar,
leva moito coidadiño
que o vento se pon ciumento
e pódete esnaquizar.

Amor que andas no vento
e que pasas polo Mar,
como sendo tan velliño

María del Carmen Pérez Vilán

A Escola de Atenas

Neste cadro, pintado entre 1509 e 1510 por Rafael, represéntase o saber racional a través das figuras de moitos personaxes da Grecia clásica en actitudes e posturas alegóricas. Os rostros son moitas veces os dalgúns persoeiros da súa época.
Hai algunhas discrepancias ó recoñecer as autoras e os autores que se representan, pero case todas as interpretacións coinciden no esencial.

Platón (428/7 – 347 a.C.) e Aristóteles (384 – 322 a.C.)

Aparecen no centro do cadro, encabezando o conxunto de sabios da antigüidade.
Platón leva na man o Timeo e sinala co dedo ó Mundo das Ideas. Presenta o rostro de Leonardo da Vinci.
No Timeo narra a constitución do Universo en forma de mito. Di que o Universo foi creado por unha intelixencia, o Demiúrgo (presenta aquí influencias de Anaxágoras).
O Demiúrgo actúa sobre unha materia caótica preexistente. Realiza o mundo sensible a partir do mundo intelixible, o modelo eterno.
Existe, entre o mundo sensible e o intelixible, un espazo baleiro. Crea primeiro a alma do mundo e logo o mundo formado polos catro elementos de Empédocles (terra, auga, aire e lume).

Por outro lado, Aristóteles sostén a Ética e sinala o chan.
Aristóteles parte na súa ética de que o fin último, a meta de todos os seres hu-manos, é a felicidade. Pero isto leva á pregunta: que é a felicidade? Segundo Aristóteles, cada ser é feliz realizando a actividade que lle é propia e natural, e a actividade máis propia e natural do ser humano é a razón. Polo tanto, a maneira máis perfecta de felicidade sería a vida contemplativa.

Sócrates (470 – 399 a.C.)



Non deixou nada escrito, e só se lle coñece polos testemuños contemporáneos. O seu método dialéctico consistía en in-terrogar á xente á vez que lles en-sinaba, sacando a verdade de dentro de cada quen.
O método dialéctico socrático ten dous momentos: a ironía e a maiéutica. A primeira é a aceptación da propia ignorancia (Sócrates dicía:

«só sei que non sei nada»). A segunda consiste en extraer a verdade que cada un ten dentro.

Pitágoras (532 a.C. – ?)

Naceu en Samos e coñeceu os pensamentos de Tales e Anaximandro. Fundou en Crotona unha seita que seguía a relixión órfica, na que crían na transmigración das almas e a necesidade de pu-rificalo corpo a través da ximnasia e a alma coa música.

Para os pitagóricos a razón está por riba dos sentidos. Son os primeiros en falar dunha estrutura matemática do Cosmos. A idea do Eterno Retorno foi introducida por eles.

Heráclito (544 – 484 a.C.) e Parménides (540/539 a.C. – ?)



Heráclito está representado co rostro de Miguel Anxo.

Afirma que as cousas están en continuo cambio, un cambio harmónico e dirixido por unha intelixencia á que chama logos.

Defende a mutabilidade (todo flúe) e a multiplicidade das cousas (cada ser é único).

Para el, a his-toria do Cos-mos repítese en ciclos, o que chama o gran ano. Di que todo co-meza no lume e acaba no lume nun proceso de Eterno Retorno, é dicir, de maneira cíclica.

A tradición filosófica opono a Parménides e isto queda reflectido no cadro, pois Heráclito dálle as costas a Parménides.

Parménides é outro místico, ó igual que Pitágoras, e tamén formou unha escola con normas similares ás das seitas. Fala da unicidade e inmutabilidade do ser, contrariamente a Heráclito.

Cre que os sentidos nos enganan e hai que supervisalos por medio da razón.

Distingue dous tipos de coñecemento: o sensible (dos sentidos), que chama vía da opinión (doxa)
o racional (da razón), que chama vía da sabedoría (episteme).

Zenón de Elea (490 – 430 a.C.)

É discípulo de Parménides.

Non aporta nada novo pero dá exemplos, as aporías, que demostran o absurdo de que o ser fose múltiple e mutable.

As máis famosas son a da frecha (que nunca chega á diana porque ten que pasar polo punto medio do traxecto, e antes polo punto medio da primeira metade, etc.) e a de Aquiles e a tartaruga (se o guerreiro dos pés veloces lle deixa a mínima vantaxe ó máis lento dos animais xa nunca o alcanzará por-que mentres el percorre o traxecto ata onde está ela xa ela se moveu adiante a un novo punto, e así indefinidamente).

Protágoras (480 – 410 a.C.)

É un sofista. Eles deixan de preguntarse polo arxé e se preocupan polos temas éticos e políticos.

Protágoras defende o relativismo coa frase «O home é a medida de tódalas cousas», que quere dicir que todo se define con relación ó ser humano.

Rafael represéntao só entre a multitude, o que sintetiza as ideas de que o home está só fronte ó universo, dándolle sentido e medida, e da súa expulsión de Atenas por medo ós ciumes dos deuses, que se podían ofender por darlle un papel tan importante ó xénero humano.

Dióxenes, o cínico (ca. 412 – 323 a.C.)



Aparece tirado de calquera maneira.

Desprezaba as riquezas e as convencións sociais, considerándoas trabas para a liberdade. Cóntanse milleiros de anécdotas del, como que cando Alexandre Magno, admirado, prometeu concederlle calquera cousa que lle pedira Dióxenes díxolle: Por favor, afástate e non me tapes o sol. Din tamén que unha



vez andaba buscando algo cun candil e cando lle preguntaron que era contestou: «Busco a un home».

Epicuro (341 – 270 a.C.)

Foi o fundador da Escola do Xardín e seguidor da física atomista de Demócrito. Ten unha ética hedonista (do grego hedoné, que significa pracer) que se fundamenta en que a fin principal da vida é o pracer. Pero este é a satisfacción equilibrada das necesidades naturais (comer, durmir...).

Hipatia (370 – 415 d.C.)

É difícil atopar datos sobre ela en enciclopedias e libros de textos, salvo do home do que foi filla, o astrónomo Teón de Alexandría: a historia oculta a súa imaxe, facén-dose cómplice dos seus contem-poráneos.

Pero foi unha das persoas máis sabias da historia grega, e a última directora da Bi-

Cartas desde Stalingrado

A chamada batalla de Stalingrado, foi un épico enfrontamento entre as batallas alemanas de Adolf Hitler, e a defensa dos exércitos soviéticos pola cidade de Stalingrado (hoxe, Volgogrado) entre xuño de 1942 e febreiro de 1943, durante a Segunda Guerra Mundial.

Con baixas estimadas entre 1.640.000 e 2.000.000 de persoas, entre soldados e civís de ambos os bandos, a batalla de Stalingrado é considerada como a batalla máis sanguenta da historia da humanidade.

Nesta batalla os alemáns sabían que ían perder e estaban desmoralizados, xa que as probabilidades de sobrevivir eran mínimas, co cal moitos deles expresaban os seus sentimentos a través dun dos métodos máis tradicionais: as cartas, moitas das cales eran de despedida.

Non se pode afirmar con total seguridade que estas cartas sexan as auténticas, pero o que si é seguro é que amosan o ánimo e o sentir destes soldados fronte á traxedia da guerra. Estas cartas nunca chegaron ó seu destino; foron confiscadas polo Alto Mando alemán xa que a súa difusión podía supoñer a desmoralización para Alemaña. Grazas a elas, podemos darnos conta do dura que foi esta batalla, e tamén podemos percibir o gran sufrimento e a desesperación que sentiron por non poder evitar o seu destino. Deste xeito, decidiron escribilas e así despedirse dos seus seres máis queridos, e facer coñecida a dura situación pola que pasaban.

Presentámosvos aquí algún fragmento destas cartas que esperamos vos resulten interesantes

Carta 1

Hoxe falei con Hermann. Está ó sur do frente. A uns centos de metros de min. Non queda moito do seu rexemento pero o fillo de B., o panadeiro, todavía está con el. Hermann aínda ten a carta na que nos contabas a morte de papá e mamá. Faleille unha vez máis, por ser el o maior, e intentei consolalo, ainda que eu tamén estou ó límite. É bo que papá e mamá non saiban que Hermann e eu nunca volveremos a casa. E moi duro que teñas que cargar co peso de catro persoas mortas ó longo da túa vida.

...Eu quería ser teólogo, papá quería ter unha casa, e Hermann quería construír fontes. Nada saíu como debería. Ti sabes como está a cousa na casa, e nós sabemos o que pasa aquí. Non, a verdade é que as cousas non saíron como imaxinabamos. Nosos pais están enterrados baixo as ruínas da súa casa, e nós, aínda que soe irónico, estamos enterrados cuns centos de homes nunha trincheira na parte sur da bolsa. Pronto, estas trincheiras estarán cheas de neve.

Carta 2

. ...O martes destruín dous t-34 (tanques soviéticos). Despois pasei xunto ós restos fumeantes. Da torreta colgaba un corpo, cabeza abaixo, os pés atrapados e as súas pernas ardendo ata os xeonllos. O corpo estaba vivo, a boca xesticulaba. Debía de sufrir unha dor horríbel. E non había posibilidades de liberalo. Incluso se a houbera, morrería tras unhas poucas horas da tortura. Dispa-reille, e cando o fixen, as bágoas correron polas miñas meixelas. Agora levo cho-rando tres noites por un tanquista ruso morto de quen son eu o seu asasino. Os «cruzamentos» de Gumrak danme noxo, e tamén moitas cousas ante as que os meus camaradas pechan os ollos e apertan os dentes. Temo que nunca volverei durmir tranquilo no caso de que volva con vós. A miña vida é unha terríbel contradicción, unha monstruosa psicoloxía.

Carta 3

O Fuhrer fíxonos a firme promesa de sacarnos de aquí; léunolo e cremos niso firmemente. Incluso agora, aínda o creo, porque hei de crer en algo. Se non é certo, ¿en que outra cousa podería crer? Dentro de pouco non terei necesidade de primavera, verán ou de algo agradábel. Polo que, abandóome ó meu destino, querida Greta; toda a miña vida, polo

menos oito anos daquela, crin no Fuhrer e na súa palabra. É terríbel como dubidan aquí, é vergonzoso escoitar o que din sen poder responder, porque os feitos están da súa parte.

En xaneiro cumprirás vinte e oito. Iso é ser aínda moi nova para ser unha muller guapa, e gustaríame poderche dicir este cumprido unha e outra vez. Botarasme moito de menos pero incluso así non te illes. Deixa pasar os meses, pero non máis. Gertrud e Claus, necesitan un pai. Non esquezas que debes vivir para os nenos e non lles fales demasiado de seu pai.

Os nenos esquecen rápido, especialmente a esa idade. Fíxate ben no home que escollas, toma nota dos seus ollos e da súa aperta de mans, como foi o noso caso, e non cometerás un erro. Pero sobre todo, anima ós nenos a ser persoas que poidan levar a cabeza ben alta e mirar a todo o mundo directamente os ollos.

Escríboche estas liñas magoado. Non me crerías se che dixera que foi fácil, pero non te preocupes. Non me asusta o que se aveciña. Repite a tí mesma e ós nenos, cando sexan maiores, que o seu pai nunca foi un covarde, e que eles nunca o deben ser. En Stalingrado, cuestionarse a Deus, significa renunciar a EL.

Carta 4

Querido pai: debo dicircho, e estou dobremente arrepentido por iso. Vostede sacoume adiante, non tiven nai e sempre mantivo a Deus ante os meus ollos e o meu corazón. E eu reitero dobremente as miñas verbas, pois van ser as últimas. Despois delas non vou poder pronunciar outras que podían remedialas ou desculpalas. Vostede é sacerdote, pai. Na última carta que un escribe, unicamente di a verdade ou o que cre que é a verdade. Busquei a Deus en cada cráter de obús, en cada casa destruída, en cada esquina, entre os meus camaradas cando estou na miña trincheira e no ceo. Deus non se mostrou cando o meu corazón lle berraba. As casas foron destruidas. Os meus camaradas foron tan valentes ou cobardes coma min. A ira e o asasinato estaba na terra. Bombas e lume caían do ceo. Pero Deus non estaba alí. Non, pai, Deus non existe. Escríbollo outra vez, e sei que é terríbel, e que non podo remedialo. E se despois de todo houbera un Deus, tan só estaría con vostede, nos libros de himnos e oracións, nos consellos piadosos de sacerdotes e pastores no tanguer das campás e na cor do incénso. Pero non en Stalingrado.

Conto Aberto

O Equipo de de Normalización Lingüística do centro un ano máis propuxo entre o seu alumnado a elaboración do *Conto Aberto*. Este proxecto consistiu na creación dun conto en varias entregas que ía evoluíndo grazas ás aportacións recibidas por parte dos alumnos.

Agradecemos dende o Equipo de Normalización Lingüística a todos os alumnos e alumnas as súas contribucións e queremos dar a noraboa aos autores que elaboraron os seguintes fragmentos do conto por entregas:

1ª entrega: DANIEL BOUZÓN COUÑAGO 2º ESO A
2ª entrega: SHEYLA FERNÁNDEZ MARTÍNEZ 2º ESO B
3ª enrega: MÍRIAM DOMÍNGUEZ ÁLVAREZ 1ª ESO A
4ª entrega: DANIEL DOMÍNGUEZ RODRÍGUEZ 2º ESO A
5ª entrega: JAVIER PAZOS VIÉITEZ 1º ESO A

VERBAS EN SILENCIO

1ª entrega

Moi preto do nacemento do río do pobo, no alto do monte, había unha pequena choza onde vivía unha muller moi mala, segundo dicía a xente da vila. Ninguén se achegaba ao lugar nin se lle ocorría entrar alí.

O meu avó tíñame dito que lle chamaban a bruxa Rafaela e que lle puxeran tal nome porque ela non soía falar cos do pobo. Tódolos días baixaba a vella coa súa cesta chea de pexegos derriba do muñico, e voltaba á súa choza solitaria sen meterse con ningúen.

Un día a curiosidade levoume a achegarme á casa da señora Rafaela entrei no seu xardín. Acerqueime a unha das ventás que estaba entreaberta pero non puiden ver a ninguén no interior. Un pouco atemorizado, decidín entrar para saber o que había alí dentro. A casa parecía estar baleira, pero ao fondo vin unha velliña que se quentaba xunto ao lume.

2º entrega

De socato, sen decatarme, tirei un candeeiro de prata. A muller, ao verme, comezóuseme a acercar. Eu, inmobilizado polo medo, non fun quen de moverme do sitio. Cando chegou ata min recolleu o candeeiro e comezou a facer acenos. Ao ver que eu non entendía o que ela dicía, meteu a man nun caixón e sacou un caderno. Ela comezou e escribir e cando rematou, entegoumo. Sorprendido puiden ler:

«O meu nome é Tareixa. Son muda utilizo a linguaxe de signos. Non te asustes»

A señora nin era mala, nin bruxa e no se chamaba Rafaela. Ao non poder falar, a xente da aldea etiquetárana negativamente, sen se molestaren nin tan sequera de saber o seu nome.

3ª entrega

Ela púxose a contar a súa vida que ía escribindo no caderno. Nel podíase ler o seguinte:

«Cando eu era pequena, vivía coa miña avoa Rafaela. Un día ela levoume a un sitio moi bonito, e ao virmos de volta, miña avoa tivo unha discusión cos homes do pobo. Colleume a min en brazos -daquela eu era unha nena de tan só cinco anos- e marchamos para un pobo descoñecido, aló lonxe, preto de onde nace o río. A avoa sacou un martelo do peto e púxose a facer a casiña onde vivimos ata que ela morreu. Ninguén do pobo soubo da súa morte. Eu quedei soa con vinte e un anos e non saía da casa. Só ía ao río sen que os veciños se enterasen. Co pasar dos anos as xentes empezáronme a confundir coa miña avoa, e como non falaba con ninguén, todos pensaron que eu era unha bruxa e puxéronme o nome de Rafaela, a bruxa Rafaela».

Ao rematar de ler a nota que a señora escribira con tanta habilidade, pregunteille polos seus pais. De súpeto, volveu a escribir outras liñas máis:

4ª entrega

«Meus pais… non recordo moi ben aos meus pais. Morreron cando eu era pequena. Lémbrome dunha tarde cando fóramos coa avoa meus pais e mais eu. Cerca do parque había un bosque. Eu fun con meu pai percorrer os interiores daquela fraga. Durante tres horas andamos camiñando, e logo apareceu miña nai que nos andaba buscando. Foi un dos poucos días que recordo con eles…
Segundo me dixo a avoa, aquela tarde dentro da fraga orixinárase un incendio e os meus pais non conseguiran saír a tempo del. Alí quedaron para sempre comestos polo lume. Eu tivera máis sorte porque a avoa lograra sacarme a tempo de alí».

E foi así como coñecín á señora Tareixa, tras pasar moitas tardes na súa compaña. Pero houbo un día que cheguei á súa casiña e non a atopei. Mirei polos arredores, pero a miña amiga desaparecera.

5ª entrega

Tareixa non aparecía por ningures e empeceime a preocupar. Como non sabía que facer, conteillo a meu avó e el díxome que era imposible que ela desaparecera. Fomos os dous hacia a choza dela e non a atopamos, tampouco no xardín. Lembreime do que Tareixa me dixera do acontecido na fraga cos seus pais. Aló nos encamiñamos o avó e mais eu. Enchéuseme o corazón de ledicia cando a vimos alí!. Tareixa estaba de xeonllos colocando unhas flores de cores no lugar onde morreran os seus pais. Presenteilla ao meu avó e despois baixamos con ela ata a praza do

pobo. Había moita xente que nos miraba con cara estraña porque non coñecían á señora Tareixa.
Entón eu conteilles a todos os do pobo a historia da súa vida: a soidade na que vivía, a súa falta de comunicación, a tráxica fin dos pais e moitas cousas máis.

A partir deste día, o pobo aceptou a Tareixa como unha veciña máis e a

Reflexiones



«El docente está obligado a practicar todo aquello que la sociedad ya ha abandonado; ha de cultivar los valores de respeto, tolerancia, orden, disciplina y esfuerzo gratuito en un mundo presidido por el valor supremo del éxito, por la compra venta económica del esfuerzo, por el culto a la imagen y la primacía de la rentabilidad sobre el sentido. El docente ha de activar el gusto por la lectura, por las bellas artes, por la música clásica y por el pensamiento humanista en una sociedad que se ríe de todo esto»

(Santiago Cucurella «Realitat i perspectives de l`ensenyament secundari»)

«En las aulas reina un clima tiránicamente igualitario. La excelencia, el esfuerzo, los dones ya no son muy apreciados.
El cuerpo profesional se lamenta de que los mejores alumnos adopten a menudo una actitud de reserva prudente. Estos alumnos, dicen, se abstienen de participar para no despertar la hostilidad de sus compañeros y, adoptando este bajo perfil, procuran hacerse perdonar el hecho de ser los mejores»

(M. Lacrois refiriendose a Francia)

« - Christian, haz el favor de sentarte bien y callar.
- Cállate tú, capulla de mierda»

(Toni Sala: «Petita crónica d'un profesor de Secundária»)

Actividades extraescolares e complementarias

Ao longo deste ano académico os departamentos didácticos do centro organizaron distintas actividades para o noso alumnado. Algunhas delas son:

1º TRIMESTRE

23/10/06 - Conferencia sobre temas económicos para 1º e 2º de Bacharelato no propio centro.
10/11/06 - Contacontos para 1º e 2º ESO no propio centro.
15/11/06 - Conferencia didáctica «Einstein 1905: ano 0» para Bacharelato e 4º ESO no propio centro.
23/11/06 - Concerto no Auditorio de Galicia para 2º ESO en Santiago de Compostela.
28/11/06 - Cinensino «Tom Sawyer» para 2º ESO, no Multiusos de Redondela.
02/12/06 – «A árbore do diálogo». Conmemoración dos 25 anos do Parlamento Galego.
11/12/07 - Conferencia sobre Dereitos Humanos impartida por Amnistía Internacional para 3º e 4º ESO no propio centro.
14/12/06 - Visita ao VERBUM para 3º ESO en Samil (Vigo).
14/12/06 - Conferencia de Jaime García Serrano «A calculadora humana» para 3º e 4º ESO no propio centro
20/12/06 - Proxeccións informativas sobre saídas formativas para 2º Bacharelato, no propio centro.
21/12/06 - Visita á exposición Naturnova para 3º PDC e 4º de PDC en Vigo
Durante o 1º Trimestre : Taller sobre os cambios fisiolóxicos para as alumnas de 1º ESO no propio centro

2º TRIMESTRE

10/01/07 - Visita á catedral de Santiago e a exposición de arte para 2º Bacharelato en Santiago de Compostela.
12/01/07 - Visita a Franquiatlántico para 1º C.M. De Equipos electrónicos de Consumo e 2º C.S. de Desenvolvemento de produtos electrónicos no IFEVI.
22/01/07 – Seminario para a creación de empresas para os Ciclos Formativos no propio centro.
23/01/07 – Campaña de doación de sangue para os maiores de 18 anos na Unidade Móbil do Centro Galego de Transfusión.
02/02/07 - Conferencia sobre a Universidade de Santiago para 2º Bacharelato e 2º dos Ciclos Formativos de Grao Superior, no propio centro.
09/02/07 – Obra de teatro para 1º e 2º ESO, nos Salesianos (Vigo)
Do 12/02/07 ao 15/02/07 - Voluntariado «Vive en defensa do monte galego» para 3º ESO B, en Vilanova de Arousa
22/02/07 – Conferencia do programa Ambientum para 4º ESO e 1ºBacharelato, no propio centro.
Do 25/02/07 ao 02/03/07 - Semana Branca para 2º ESO na Estación Invernal de San Isidro.
27/02/07 – Visita ó Salón do Libro para 1º e 2º ESO, en Pontevedra.
Do 27/02/07 ao 01/03/07 - Viaxe a Madrid para coñecer o Congreso dos Deputados e a Bolsa para 2º Ciclo Superior de Administración e Finanzas.
28/2/06 Visita a Ence para 1º Bacharelato de Humanidades de 2º Bacharelato, en Pontevedra.
Mes de marzo - Exposición: «Mulleres e Ciencia» para todo o centro, no propio centro
09/03/07 - Cine: «As mulleres de verdade teñen curvas» para 3º e 4º ESO, no Multiusos de Redondela.
12/03/07 - Cinensino «High School» para 2º ESO no Multiusos de Redondela.
14/03/07 - XII Xornada «Xuventude e iniciativas de emprego» para os ciclos formativos, en Vigo
28/03/07 – Conferencia sobre Ciencia por dous profesores da Universidade de Vigo.

Todo o trimestre – Curso de educación afectivo sexual para 4º ESO, no propio centro
Todo o trimestre – Talleres de prevención do consumo de alcohol e tabaco, para 2º e 3º ESO, no propio centro.
Todo o trimestre – Talleres de relacións afectivas na adolescencia para 2º ESO, no propio centro.

3º TRIMESTRE

20/04/07 – Obra de teatro para 3º, 4º e 1º Bacharelato, nos Salesianos (Vigo).
20/04/07 – Participación no festival «En curto» en Redondela, para alumnado de Ciclos.
Maio – Participación nos Obradoiros da «III Semana Matemática Caixanova», para 1º e 2º ESO.
Maio- Festival de títeres de Redondela para alumnos de ESO e 1º Bacharelato
03/05/07 – Visita á zona natural protexida da Lanzada para alumnado de 4º ESO e 1º Bacharelato.
17/05/07 - Cinensino «Pequenos Salvaxes» para 2º ESO, no Multiusos de Redondela

FESTAS E ACTIVIDADES CONMEMORATIVAS

MAGOSTO. O 10/11/06. Castañas asadas para todos, xogos tradicionais e sorteo de regalos
DEREITOS HUMANOS. O 10/12/06. Exposición itinerante sobre os dereitos humanos e conferencia a cargo de Amnistía Internacional
NADAL. 22/12/06. Proxección da película «O segredo dos irmáns Gring», competición de fútbol sala, exhibición de baile de 3º ESO e campionatos de xadrez e parchís.
DÍA DA PAZ. 30/01/07. Exposición conmemorativa
ENTROIDO. 16/02/07. Concurso gastronómico, de karaoke e de disfraces.
DÍA DA MULLER TRABALLADORA. 08/03/07. Exposición «Ciencia e muller»

A outra cara da ciencia

Mª Jesús Leis Blanco. Premio de innovación educativa 2006

Que necesidade hai de destacar o feito de que sexa unha muller quen realiza unha achega científica? O importante é o traballo, o avance científico, independentemente do sexo dos autores. Pero, non falamos de Arquímides berrando eureka?, como non contar a viaxe de Darwin no Beagle e a súa visita ás illas Galápagos, imposible!

A ciencia fana persoas, homes e mulleres, que intentamos con maior ou menor éxito achegar ao noso alumnado e esperamos que no futuro lembren algúns destes nomes.

Botando unha ollada aos libros de texto vemos como as imaxes de científicos increméntanse a medida que subimos de nivel, pero, un momento! E as científicas? onde están? non as hai? Onde podemos atopalas?

Intentando contestar a estas preguntas naceu o traballo «A outra cara da ciencia».

Comecei por botarlle unha ollada rápida aos libros de texto, analizando só imaxes, a parte máis visible, busquei retratos de científicas e de científicos (pódense ver os resultados na táboa 1).

O seguinte paso na realización do traballo foi constatar os coñecementos do alumnado a través dunha enquisa, preguntando nomes de científicos e científicas que coñecen. Os resultados por cursos aparecen na figura 1.

Ata aquí quedou clara a información que ten o alumnado; e nos, o profesorado? que sabemos do tema? Para sabelo ampliei a enquisa e paseina a todo o profesorado.

Á marxe dos resultados da enquisa, o feito de facela supuxo uns días de debate e de reflexión, que pasa noutras materias (arte, música, etc.)? por que é necesario amosar exemplos de mulleres?

Tamén foron uns días de intercambio de información e constatei a disposición do profesorado para colaborar en actuacións posteriores no centro.

O 4º punto de análise foi a biblioteca do centro, xa que constitúe un recurso importante para o alumnado e para o profesorado. Na biblioteca existen varios libros específicos sobre a muller e a ciencia pero escasos comparados co número de biografías de científicos, ás que lle podemos botar man.

Ante este panorama, non é de estrañar que preguntando en 1º de bacharelato por nomes de mulleres científicas aparezan Marie Curie e.... Ana Obregón.

Sobran as palabras, hai que intervir!.

Ao mesmo tempo que recollía información, comecei a elaborar o meu plan de actuación na aula.

Deseñouse unha unidade didáctica para traballar ó longo do curso, escolléronse científicas que, polos seus traballos, encaixan ben na programación e son de especialidades variadas.

As científicas elixidas foron:
Inge Lehman (xeoloxía), **Rosalind Franklin** (ADN), **Lynn Margulis** (evolución celular), **Barbara McClintock** (xenética), **Rachel Carson** (ecoloxía), **Mary Anning** e **Mary Leakey** (paleontoloxía).

Cada actividade está planteada para investigar sobre a vida e achegas dunha destas mulleres, e a partir de aí afondar nos contidos e enlazar con outras investigadoras e investigadores relacionados co tema. As actividades están deseñadas para utilizar distintos recursos, libros, prensa e principalmente novas tecnolóxicas, tanto na obtención da información como na elaboración dos traballos, utilizando tamén distintos recursos do centro (biblioteca, aula de informática, etc.). A maior parte están planteadas para realizar en grupo e fomentar así o intercambio de ideas e o debate entre o alumnado.

Baixo o epígrafe «ideas para o debate» en cada actividade propuxéronse cuestións que levan á reflexión do papel da muller e do home en distintos ámbitos da sociedade.

A modo de conclusión, dicir que o traballo resultou moi motivador e enriquecedor a nivel persoal e profesional. Supuxo tamén concienciar e ampliar os coñecementos do alumnado, e serviu para constatar a necesidade de seguir traballando e ampliar



Número de científicos e científicas presentes nos libros de texto



Coñecemento de científicas e científicos por parte do alumnado

Exposición «A outra cara da ciencia»

Co fin de dar a coñecer as achegas de distintas mulleres científicas ao longo da historia montamos no centro esta exposición.

Comezamos o traballo buscando información sobre distintas científicas, fundamentalmente a través de internet, tamén recollemos noticias de prensa sobre o traballo científico na actualidade.

Logo confeccionamos as cartolinas, murais e montamos os paneis; aquí podedes ver parte do resultado.

AUTORAS E AUTORES:

4º ESO B
Natividad Almeira Gómez
Míriam Alonso Cruces
Lorena Besada Martínez
Eliana Blanco Rodríguez
Lucía Couñago Barciela
Shainza García Gómez
Marta Jiménez García
Emilio Lorenzo Alonso
Raquel Martín Almeira
Ana Montes Couñago
María Otero Bouzón
María Toucedo Cal

1º BACHARELATO A
Rebeca Alvariño Barreiro
Cristina Cabaleiro Couñago
Amanda Castro Torres
María Fernández Amil
Pablo Garrido Otero
Adrián Puga Pereira
David Táboas Amoedo
Aurora Toucedo Bastos
Ana Elisa Villaverde González

2º BACHARELATO B
Adrián Iglesias Mora
David Marcos López
Iván Ricón Rodríguez

DEPARTAMENTOS COORDINADORES:
Ciencias naturais
Física e química
Matemáticas

Mulleres científicas

Temos a sensación de que as mulleres nunca fixeron nin quixeron facer ciencia. Esta idea é falsa, e débese reinterpretar como a mestura de catro feitos distintos:

1. A moitas mulleres prohibíuselles facer ciencia cando querían facela.
2. Moitas chegaron a facer traballos científicos pero non se lles tomou en consideración e, en lugar de médicas e químicas, chamóuselles curandeiras e bruxas.
3. Cando o traballo realizado por unha muller era evidente e innegable, evitábase que o publicase, obrigando a que fose o pai ou o marido quen figurase como autor ou simplemente, prohibindo a publicación.
4. As persoas que investigan en épocas posteriores coñecen moitas veces o dato da aportación dalgunha muller que traballou pero, ou non o publican, ou fixan a súa atención noutros asuntos, ocultando ese.

Os seguintes son casos de ciencia feitos por mulleres da antigüidade, das que non se sabe nada hoxe en día.

«Una escena de brujería» en el libro Tratado de las mujeres maléficas llamadas brujas.

No período anterior á historia escrita, no Oriente Próximo, as mulleres estaban entre as persoas que máis sabían sobre as transformacións dos materiais. Elas levaron a cabo os primeiros cambios químicos: quentando arxila elimínase a auga do silicato de aluminio hidratado e obtense terra cocida, unha substancia que xa non é moldeable nin se desintegra pola auga. As mulleres foron tamén inventoras de primeira orden na fabricación de utensilios e obxectos de cerámica e foron pioneiras no uso da roda.

Houbo un momento en que as mulleres se moveron libremente pola sociedade grega e compartiron as discusións filosóficas cos homes. Posteriormente perderon o seu prestixio, o cal recuperaron coa guerra do Peloponeso: debido á ausencia de homes, estas volveron a participar activamente na ciencia, na filosofía e na arte. A alfabetización foi un privilexio dalgunhas delas.

As hetairas ou cortesás, non tiveron obstáculos para acceder ao coñecemento. Vivían en Atenas pero non eran atenienses e por iso, ao non ter a condición de cidadás, non estaban suxeitas ás leis da cidade, o que lles permitía estudar tódalas artes, as novas especulacións filosóficas, etc.

Na Grecia clásica as mulleres vivían nun estado de difícil segregación, lexitimada ademais pola opinión difundida, e

subscrita por voces autorizadas como a de Aristóteles, da inferioridade básica do sexo femenino.

Entre as moitas mulleres que escribiron sobre xinecoloxía e obstetricia, as máis importantes son ASPASIA DE MILETO e Cleopatra. Aspasia formou parte dos círculos intelectuais e políticos do seu tempo e foi unha experta en retórica. Foi esposa de Pericles e mestra de retórica no círculo do mesmo. Foi sometida a un proceso de impiedade; en torno a iso, podemos supoñer que se desenvolveu o incipiente movemento de emancipación feminina.

Segundo a escola pitagórica, a forma de vida máis pura para un ser humano é a que se adica á contemplación dos obxectos máis nobres. A filosofía pitagórica dálle moita importancia á paideia (educación). De acor-do con estes plantexamentos da escola pitagórica a muller non debía actuar como unha simple executora da vontade do marido nin subordinarse ao criterio deste. Canto máis intelixente e culta fose a muller pitagórica, mellor desenvolvería o seu papel de esposa e nai de familia.

TEANO naceu en Crotona, foi discípula de Pitágoras e casou con el. Ensinou na escola pitagórica. Atribúenselle outros tratados sobre os poliedros regulares e sobre a teoría da proporción, en particular sobre a proporción áurea. Despois da rebelión contra o goberno de Crotona, á morte de Pitágoras, Teano pasou a dirixir a comunidade, coa escola destruída e os seus membros exiliados e dispersos. Non obstante, coa axuda de dúas das súas fillas, difundíu os coñecementos matemáticos e filosóficos por Grecia e por Exipto.

PERICTIONE foi a nai de Platón. O seu caso é paradigmático do ocultamento da muller pola historia: é un dato sobradamente coñecido que foi pitagórica e que o pitagorismo defendía a paideia e o protagonismo da muller, pero cando as/os eruditas/os se preguntan de onde recibiu Platón a influencia pitagórica, sempre se busca a explicación nas súas viaxes a Siracusa e os varóns que coñeceu nesa época.

Á escola platónica, a Academia, asistían filósofas vestidas de home, para realizar actividades pedagóxicas en forma de leccións ou diálogos. Entre os cínicos, no século IV a.C., había tamén varias filósofas, aínda que só nos chegará o nome de Hiparquia, da que se conservan fragmentos escritos. E no Xardín Epicúreo, a presenza feminina estaba representada por Temista e Leontio. Esta escola caracterizouse pola defensa do coñecemento a base das percepcións inmediatas. A sociedade non aceptou ás mulleres sabias e estableceu mecanismos de sanción social. Exceptuando o caso de Teano, o resto das mulleres filósofas foron marxinadas.

HIPATIA DE ALEXANDRÍA (370 – 415) foi a última directora da Biblioteca de Alexandría. Escribiu numerosos tratados e inventou gran cantidade de aparellos astronómicos e químicos.
Os cristiáns queimaron e destruíron tódolos templos e centros gregos, perseguiron a tódolos académicos e obrigáronos a convertérense ao cristianismo e renunciaren a todo o coñecemento grego difundido polo Museo. Na coresma do 415, Hipatia foi asasinada por un centenar de monxes vestidos de negro encarrapuchados. Sacárona da súa carruaxe e arrastrárona dos cabelos ata dentro dunha igrexa. Estes asasinos, baixo o liderado de San Cirilo e a súa man dereita, Pedro o Lector, espírona e alí, fronte ao altar e á cruz, arrincáronlle a carne dos seu ósos con anacos de ostras afiadas. Despois descuartizárona e lanzaron os seus restos ás chamas. Hipatia pagou coa vida o seu papel simbólico de sabedoría e autoridade feminina, nun mundo en que as mulleres non debían falar nas asembleas nin nos lugares de culto, e moito menos nas escolas.
Gran parte da obra de Zósimo de Panópolis, o máis famoso representante da tradición alquimista de Alexandría, é unha recompilación de textos máis antigos, aínda que tamén poden atoparse aportacións propias. Precisamente, na súa obra aparece mencionada MARÍA, A XUDÍA. Esta mestra destacou como destra operativa. Ao parecer, o propio Zósimo

Pedro Floriani Profesional

Viaje a Madrid

Congreso de los Diputados

En la entrada de la Bolsa

Con el periodista del corazón Mariñas

Alumnas en la tribuna de oradores del Congreso

Con uno de los leones de la entrada del Congreso

Con la actriz Paula Sebastián, del musical Mamma Mía

Un viaje a Madrid y el contralmirante Méndez Núñez

El pasado 28 de febrero mis alumnas de 2º curso del Ciclo Superior de Administración y Finanzas y yo, fuimos a Madrid con objeto de visitar dos instituciones, pilares fundamentales, una de la democracia: ·»El Parlamento» y otra del capitalismo: «La Bolsa», como apoyo de los módulos Administración Pública y Productos Financieros y de Seguros.

Después de visitar El Parlamento y dada su cercanía, les sugerí pasar por el Museo Naval, ese en el que se citan los protagonistas femenino y masculino de la novela de Pérez Reverte *La Carta Esférica.*

El museo Naval es un museo recoleto, no demasiado conocido y como puede deducirse por su nombre está repleto de objetos pertenecientes a ese mundo: brújulas, correderas, astrolabios, cuadrantes, octantes, sextantes, maquetas de diferentes modelos de embarcaciones, piezas de artillería, uniformes y un sinfín de ingenios que recorren desde los Reyes Católicos hasta la actualidad. De entre todo lo que el museo alberga, hay un objeto que me produce una fascinación especial. Se trata de un cronómetro que perteneció a mi paisano D. Casto Méndez Núñez contralmirante de la Armada española. El reloj es de oro y ostenta las iniciales del marino C.M.N., en brillantes, sobre la tapa superior y dos anclas cruzadas con corona real, sobre la tapa inferior, formada con brillantes y rubíes. La cadena, también de oro, está formada por un lanteón, cuyos

dos motones presentan gasas de brillantes y rubíes. La llave para dar cuerda tiene la figura de una bocina de mando.

Al hablarles a mis alumnas del contralmirante no parecían saber de quien se trataba, por lo que procedo a realizar una breve reseña sobre el mismo.

D. Casto Méndez Núñez nació en Vigo el 1 de julio de 1824 y murió en 1869 a los 45 años por causas desconocidas, por lo que se dijo que lo habían envenenado con un puro, en un banquete que le dieron su compañeros, aunque este término no fue confirmado. Le encomendaron el mando de la fragata Numancia, primer acorazado que dio la vuelta al mundo, aunque pasó a la historia por la frase: «Más vale honra sin barcos que barcos sin honra» tal y como la recogían los libros de historia de mi época. En la plaza de Compostela de la ciudad olívica se encuentra una escultura del marino, en cuyo pedestal puede leerse: «Más vale honra sin buques, que buques sin honra» Esta frase no fue dicha por Méndez Núñez, sino escrita en la comunicación que el 24 de marzo de 1865 le dirigió al Ministro de Estado, que el 26 de enero le había a su vez escrito:

«… confiando a Dios, a la virtud de nuestro derecho y al honor y la bravura de nuestra Armada, el triunfo de nuestra causa, en la firme inteligencia de que más vale sucumbir con gloria en mares enemigos que volver a España sin honra ni vergüenza». Y Méndez Nuñez le contestó:

«Si desgraciadamente no consiguiese una paz honrosa para España, cumpliré las órdenes de V.E., destruyendo la ciudad de Valparaíso, aunque sea necesario para ello combatir antes con las escuadras inglesa y americana, aquí reunidas, y la de Su Majestad se hundirá en estas aguas antes que volver a España deshonrada, cumpliendo así lo que Su Majestad, su Gobierno y el País desean; esto es: primero honra sin Marina que Marina sin honra.»

Si algo escrito sufre modificaciones, en este caso no alteran su significado, ¿qué pasará con lo que se ha oído y se repite?

Et voilà justement comme on écrit l'histoire (y así se escribe la historia)

Rosa Puialto

O alumnado dos ciclos asistiu á «X Xornada Mocidade e Iniciativas de Emprego» no centro cultural Caixanova de Vigo

Medidor de distancia

Os medidores de distancia por ultrasóns son aqueles encargados de medir e calcular a distancia a que se encontra un obxecto por medio dos ultrasóns que son imperceptibles para o oído humano.

As aplicacións destes medidores son varias, o máis normal e para o medidor volumétrico que se vende en calquer ferretería e a aplicación máis coñecida para o parktronic dun coche. A nivel profesional serven para a utilización como detector de obstáculos en



robots con navegación autónoma, é dicir, naqueles robots que se moven encontrando o camiño a seguir e sorteando os obstáculos con que se encontren.

Para empezar o proxecto compramos un módulo xa preparado para emitir as ondas ultrasónicas que é capaz de medir dende 3 centímetros ata 3 metros, que se pode comprar



en www.superiventos.com. Una vez que nos chegou o módulo, preparamos unha placa para poder utilizar o módulo. Esta placa está formada principalmente por 4 chips que son: o primeiro e máis importante o **8051** que é un microcontrolador, outro chip é o **74373** que é un latch que serve para separar o bus de datos do bus de direccións do micro, o **27256** que é unha memoria UVEEProm; isto significa que para borrar os datos que contén hai que metela nun aparato que emite raios ultravioleta e por ultimo a **Max232** que é a encargada de intercambiar os datos da placa co porto serie dun ordenador.

Para facer a placa utilizamos unha suite informática destinada á creación profesional de placas electrónicas. Primeiramente utilizamos o programa ORCAD que serve para debuxar o esquema eléctrico da placa, en onde se realizan as conexións entre os diferentes chips por medio de cables que nós poñemos. Unha vez que facemos o esquema eléctrico utilizamos outro programa chamado LAYOUT, que se utiliza para realizar a placa de circuíto impreso. Como estes dous programas interactúan entre eles é máis doado facer as placas. Unha vez que rematamos de debuxar as pistas do circuíto, imprimimos nunha folla de papel esas pistas e levámola a unha insoladora para pasar o que hai nese papel a unha placa de cobre para montala fisica-mente.

Ademais de facer a placa tamén temos que confeccionar dous programas: un programa que faga protocolo co módulo, determine o valor da distancia e transmita os datos ó porto serie do ordenador. Este programa escribirémolo mediante o NORTON EDITOR (Programa fonte para a tarxeta). Utilizar este programa non é difícil pois o menú é moi intuitivo pero o principal problema é que o programa ten que utilizar unha serie de ordes que o microcontrolador ten que entender. Estas ordes teñen que ser escritas dunha determinada maneira, se non o micro non as entenderá. Para facelas consultamos diversos libros xa dedicados a estes programas.

Unha vez que temos o programa xa feito ensamblámolo e lindámolo, para isto usamos os programas X8051 e o LINK, e metémolo dentro da UVEEprom (27256) mediante un programador universal e conectamos a placa co módulo inserido nela e conectómolo mediante un cable ao porto serie do ordenador e mediante o outro programa, esta vez feito no TURBO C, que se encarga de converter o código que manda a placa, código ASCII, en código decimal para que nós o podamos entender (Programa de Comunicacións e Programa Conversor de ASCII a Decimal), para isto facemos un programa que consiste en debuxar na pantalla do ordenador unha parede e ó lado un obxecto que representa o que estamos a medir nese momento (Programa do Modo Gráfico), segúndo a distancia a que se encontre o obxecto: o debuxo do ordenador moverase e desta maneira nos dirá a distancia que estamos medindo.

Luis Antonio Solla Vidal



Mando a distancia por radio frecuencia



Atrás quedaron os tempos nos que os fabricantes de mandos a distancia por radiofrecuencia podían facer uso de calquera frecuencia de traballo. Así pois xa hai uns anos que apareceu o estándar de 492.33 Mhz (megahertzios) como única frecuencia posible para o funcionamento destes aparellos.

A finalidade dun mando a distancia sempre é a mesma, independentemente da súa forma, tamaño ou función, xa que todos teñen como obxectivo emitir un sinal que dará unha orde a outro aparello. Aínda así, os mandos fan moitas funcións distintas como, por exemplo, abrir ou cerrar un portal dun garaxe, abrir ou pechar un coche, acender ou apagar unha luz, etc.

Tamén cabe dicir que os mandos a distancia foron evolucionando ó longo dos anos ó igual que os demais aparellos electrónicos, existindo diversos tipos deles, como poden ser: o mando normal, o cal emite un sinal que pon en funcionamento ó seu receptor, o de código trinario, o de rolling code (código rodante) e o mando bidireccional. Non cabe dúbida que paralelamente a eles tamén foron evolucionando os aparellos para a súa duplicación ou copia.



Aspecto dos mandos

COPIA DUN MANDO A DISTANCIA

DETERMINACIÓN DO CÓDIGO

Para a determinación do código necesítase a seguinte instrumentación: un receptor de radiofrecuencia, un polímetro, un osciloscopio dixital con memoria, unha fonte de alimentación e o mando a copiar.

Debido a que o sinal non vén modulado, o primeiro que facemos é conectar o receptor de datos de maneira que poidamos obter a onda no osciloscopio.

A continuación prememos o pulsador do mando orixinal e comprobamos que a onda aparece no osciloscopio. Se-guidamente gra-vamos esta onda na memoria do osci-loscopio asegu-rándonos de que vemos a súa lon-xitude completa.

A continuación, coa axuda dos cur-sores do oscilos-copio medimos to-dos os tempos da onda, tanto os que están no nivel baixo como os que están no nivel alto, tomando nota de todos eles.



REALIZACIÓN DO PROGRAMA

Seguidamente procederemos a realizar un programa que emule a onda do mando orixinal. Este programa realizarase na linguaxe ensambladora e con el programarase un microprocesador (PIC16F84) que se encargará de xenerar a onda cando premamos un pulsador.

MONTAXE E POSTA EN MARCHA DO MANDO

A continuación procederemos á realización da placa, na que se montarán os compoñentes do mando, facendo uso das ferramentas necesarias. Unha

Miguel Cortizo Boullosa

Aspecto da onda xerada polo mando no osciloscopio

Programa de comunicación

```
; Este programa encárgase da comunicación entre a tarxeta e o PC.

void main (void)
{
char datoin;
int j,puerto,estado;
long int z=0;
int numero[5];
puerto=COM;
clrscr();
bioscom(CONFIGURA, SETCOM, puerto);
for(;;)
        {
        estado=bioscom(ESTADO, 0, puerto);
        if (estado & DATOLISTO)
        if((datoin = bioscom(RECIBE, 0,puerto)& 0x7F) !=0)
                {
                i++;
                if(datoin==intro)
                        {
                         i=0;
                         z=0;
                        }
                numero[i]=datoin;
                }
        }
}
```

Programa do modo gráfico

```
; Este programa encargase do modo gráfico, as funcións que
aquí aparecen están feitas para que na pantalla do ordenador
apareza ;una parede no lado dereito da pantalla,
e tamén un obxecto coa forma dunha cerámica que representa o modulo medidor.

void main (void)
{
char datoin;
int i;
long int z=0,x=0;
GraphDriver=DETECT;
initgraph(&GraphDriver,&GraphMode, «c:\\tc\\bgi «);
ErrorCode=graphresult();
if(ErrorCode !=grOk)
        {
         printf(«%d\n»,ErrorCode),exit(1);
         }
if(i==4)
        {
        x=482-z/68;
        setfillstyle(SOLID_FILL,EGA_BROWN);
        bar(510,0,640,480);
        setfillstyle(SOLID_FILL,EGA_YELLOW);
        bar(0,0,510,480); setfillstyle(SOLID_FILL,EGA_BLACK);
        bar(x,230,x+20,250);
        setcolor(EGA_BLACK);
        circle(x+20,240,10);
        }
}
```

Programa conversor de ASCII a decimal

```
; Este programa fai a conversión entre o código ASCII,
que ven da tarxeta en 4 bits mais un CR, en código decimal.

void main (void)
{
int a,i=0,j,c,;
long int b,z=0,x=0,f=0;
int conver[]={48,49,50,51,52,53,54,55,56,57,65,66,67,68,69,70};
long int ascii[4],asci[4];
for (j=0;j<=15;j++)
        {
        if(numero[i]==conver[j])
        c=j;
        }
ascii[i]=c;
switch(i)
        {
        case 1:
                a=4096;
                break;
        case 2:
                a=256;
                break;
        case 3:
                a=16;
                break;
        case 4:
                a=1;
                break;
        default:
                a=0;
                break;
        }
asci[i]=ascii[i]*a;
z=asci[i]+z;
f=(z-92)/5.1653;
}
```

Programa fonte para tarxeta

; Este programa fai o protocolo que se observa na gráfica 1, como primeiro paso prográmase a UART e os TIMERS. Nun primeiro ;momento envía a pulso de polo menos 10 microsegundos polo PIN P1.0 necesario para que o módulo envíe unha ráfaga sónica de 8 ;impulsos. O facer isto o módulo devolve un pulso de eco, que o programa se encarga de medir cun dos TIMERS mediante o PIN ;P1.1, o tempo que mida o TIMER será a función da distancia a que se encontre o obxecto que se está medindo. Este valor é enviado ;mediante a UART ao PC en catro carácteres ASCII seguido dun CR.

```
        ORG     00H
        SJMP    INICIO

        ORG     33H
INICIO  MOV     P1,#00H
        MOV     IE,#00H
        MOV     IP,#18H
        MOV     PSW,#00H

        MOV     SCON,#50H
        MOV     TMOD,#21H
        MOV     TH1,#FDH
        MOV     L1,#FDH
        SETB    TR1

REPE    SETB    P1.0
        MOV     22H,#04H
DIEZ    NOP
        DJNZ    22H,DIEZ
        CLR     P1.0
        MOV     TH0,#00H

        MOV     TL0,#00H
        SETB    P1.1
CERO    JNB     P1.1,CERO
        SETB    TR0
UNO     JB      P1.1,UNO
        CLR     TR0
        MOV     A,TH0
        MOV     R0,A
        LCALL   DATOH
        MOV     A,R0
        LCALL   DATOL
        MOV     A,TL0
        MOV     R1,A
        LCALL   DATOH
        MOV     A,R1
        LCALL   DATOL
        MOV     A,#0DH
        LCALL   ENVIA
        LCALL   VEINTE
        SJMP    REPE

DATOH   SWAP    A
DATOL   CLR     C
        ANL     A,#0FH
        CJNE    A,#0AH,SICA
SICA    JC      ROSA
        ADD     A,#07H
ROSA    ADD     A,#30H
        LCALL   VEINTE
        LCALL   ENVIA
        RET
VEINTE  MOV     20H,#25H
SVEN    MOV     23H,#FFH
NOVE    NOP
```

Viaxe á neve: San Isidro, León

Magosto

Vive en defensa do monte 2007

IMOS ALÓ!

Saímos moi ilusionados do colexio ás 12.30h. partindo cara as Sinas. No autobús entretivémonos lendo e ollando revistas, durmindo e xogando. Pasamos o tempo mentres crecían os nervios achegándonos ao noso destino…

AMIZADE NOVA NAS SINAS

O primeiro encontro que tivemos cos mozos e mozas doutros institutos ao chegar ao albergue foi o de Sergio. Elixiu coma saúdo un balonazo accidental na cara dunha rapaza de Pontedeume.... Outros encontros foron os de Diego e Marta e Patricia e Borja. Fomos forxando amizade entre uns e outros. Cando marchabamos aos barrancóns do albergue, era o momento de máis relación. Cada día levabamonos mellor. Tanto que cando chegou a despedida choramos moito.

SAÍDAS E TRABALLOS

A primeira excursión foi á Illa de Arousa. Alí fomos á praia e aprendimos como a veciñanza tentaba coidar o medio de xeito independente, coidando o marisqueo e as costas e facendo pequenos viveiros para repoboar as zonas queimadas nese verán.
A partir deste momento divíronnos en dous grupos de traballo: por un lado, os bidueiros; por outro, os carballos.
Con esta organización fixemos visitas ao Parque Natural do Río Barosa (onde fixemos un percorrido por unha fervenza cheos de muíños); ao montes achegados a Vilagarcía de Arousa e á propia vila de Vilagarcía. O traballo no monte foi duro, pero recompensado por ver que contribuíamos, ao noso xeito, en recuperar os montes. Alí axudamos á construción de barreiras naturais contra a erosión.
Todos e todas fixemos un pouco de todo: arrincamos herbas, recollemos rastroxos queimados, plantamos sementes... No albergue tamén continuamos con estes traballos de recuperación do monte galego plantando landras e organizando un pouco o composteiro do albergue e coidando do verme «Schwarzenneguer», un verme ecoloxista.

NON TODO ERA TRABALLO: FESTA E MONITORES

Os monitores eran moi enrollados e pasábamolo en grande con eles. Fixéronnos disfrutar cada momento daquela marabillosa experiencia. Polas noites, despois da cea, tiñamos unha velada onde nos xuntabamos todos (monitores, a rapazallada toda e os profes) onde falabamos do que fixeramos e como pasamos cada día. Facíamos xogos, por exemplo, o da ruleta que consistía en xirar unha ruleta e o nome que saía (dos monitores) tiña que facer unha proba e se fallaba tiña que quitar unha prenda.
Na última noite que pasamos nas Sinas fixéronnos unha festa de despedida na cal nos organizában un concurso chamado «Furor» co que o pasamos xenial. Nunca nos olvidaremos desta experiencia...

NAS DESPEDIDAS

Despois da tristísima despedida que vivemos (snif!) cos nosos novos amigos volvemos cara a nosa vila cos compañeiros e compañeiras de Trives. Na volta curamos a mágoa poñendo a vista ás nosas habilidades líricas, xa que sabiamos moitas cancións e incluso aprendimos alguna nova. A pena marchou cantando.

Ollo! Xente lendo!

Notastes cambios na Biblioteca este ano? Hai moitos cambios na distribución de mesas e armarios. Hai moitos armariños novos que están situados ao fondo, mesas con ordenadores xunto as fiestras, mesas para catro persoas e unha zona para grupos algo máis grandes xunto á entrada.

Hora de ler

Cada ano son máis as persoas que se van achegando ao pracer de ler da man da Biblioteca. Ademais das actividades de lectura nas materias de Lingua e Literatura galegas e castelás, Filosofía, Ciencias (e todas as demais), estamos facendo outras para que poidamos atopar a lectura no noso entorno.

Por iso pode pasar que nos pasen un panfleto durante o recreo no que diga «POESÍA EXPRESS», cunha estrofa breve dalgún verso nalgún idioma exótico. Léo e disfruta, porque desfrutar é revolucionario.

E non atopaches ningún LIBRO SOLTO? Andan por aí, agochándose nos sitios máis insospeitados, pero estamos conseguindo seguírlle la pista. Os nosos escáners detectan unha estraña estrutura que crean no seu movemento e que se vai parecendo ao plano do metro dunha vila, con estacións adicadas ás súas esgrevias cidadás e cidadáns.

Pero para quen lle gusta a vida movida e animosa do mercado temos o GRANDE TROCO, onde a xente compra e vende ata a súa alma, ou os anacos dela que quedaron pegados aos seus libros, xa vellos, que volverán vivir unha nova vida nas casas doutras persoas.

Ler o mundo

Tamén estamos participando en programas máis institucionalizados, como LER O MUNDO ou ABRIL, MES DO LIBRO. As mozas e mozos de 1º e 2º de E.S.O. recibiron un agasallo cando viñeron a recoller algún libro par ler. Foi un kit de lectora ou lector intrépido que consistía nunha pequena bolsiña de peto e un caderno de viaxe para apuntar ideas, notas, todo un mundo que entra e sae dos libros que un vai lendo, que vai atopando ao longo da viaxe da propia vida.

Con eses cadernos, a ANPA do IES «Pedro Floriani» organiza un concurso onde se premian con tres lotes de libros de diversas materias ás lectoras e lectores máis orixinais. Lotes de libros que nos axudarán a continuar na singradura de ler e ler e botar a ler o mundo!

En silencio, mellor

Pero as normas da Biblioteca non cambiaron:

- Traballamos en silencio ou falando baixo. Sentámos en grupos de catro persoas como máximo, e dúas nos ordenadores.
- Avisamos á/ó profesor/a de garda para usar o ordenador ou imprimir unha páxina.
- Renovamos o préstamo dun libro ós 15 días de pedilo, senón devolvémolo antes.
- Deixamos as cadeiras no sitio cando abandonamos o posto de lectura, e pechamos a porta ó entrarmos e saírmos.
- Non entramos na biblioteca comendo ou bebendo, nin con comida, bebida ou caramelos nas mans.

Ah!, e a BANDA DESEÑADA! Viches a cantidade de cómics novos que temos na biblioteca?

A tecnoloxía é unha maneira divertida de aprender cousas



Muiño 2º ESO



Nora 4º ESO



Catapulta 3º ESO



Rampla de canicas con elevador 1º ESO

Ponte levadiza 2º ESO

Torre de vixilancia 1º ESO



Cadeiras voadoras 4º ESO



Máquina metálica 2º ESO



Ponte levadiza 4º ESO

Pozo de auga con motor 4º ESO

Muíño 2º ESO



Rampla de canicas con elevador 1º ESO

Lendas

A NOSA MOURA

Conta a xente do pobo que no castro de Cabeiro vivía unha moura que polo día era unha serpe e pola noite peiteaba os seus cabelos de ouro no cumio dunha montaña.

Un día, un home quixo saber como era a moura e foi á súa cova que se atopaba no pé dun precipicio. Cando entrou na cova, quedou asombrado ao ver os tesouros que alí se agochaban; pero, de repente, levou un susto: atopou unha serpe no canto dunha moura. Ela díxolle que se quería os seus tesouros e tamén casar con ela, tería que ir pola

noite ao lugar onde sempre se peiteaba. Cando chegou a noite o home foi ao lugar que a moura lle indicara e de súpeto, apareceu ela baixo a forma dunha serpe e foise enrolado no corpo do home. A cobra abriu a súa grande boca na que se encontraba unha fermosa rosa.

O home debía coller a flor pero el púxose moi nervioso porque cría que a serpe o ía comer; e acabou esvarando polo precipicio ata que morreu. Din que se o home collera a rosa, romperíase o meigallo e a serpe convertiríase nunha muller.

Carla Darriba Ferrín 3ºESO B

A SANTA COMPAÑA

Era tempo da esfollada e tres irmás (Carolina, Consuelo e Erundina) foron unha noite á casa dun veciño para axudarlle neste laborioso traballo de quitar o cosco ás mazarocas de millo. Empezaran ás dez da noite ata as dúas da madrugada. De volta ás súas casas, as tres mulleres podían ir por dous camiños distintos que ían dar ao mesmo sitio. Carolina, a maior das tres irmás, estaba acostumada a ver espíritos, e cando ían pasar por unha xesteira empezou a ver unhas luceciñas. Para non asustar ás súas irmás, preferiu non lles dicir nada e intentou convencelas para non ir por ese camiño e así non se atopar coas luces que resultaban ser as da Santa Compaña. Colleron polo outro camiño ata que deron coa casa de Carolina. Despedíronse da irmá maior e as outras dúas seguiron para as súas casas. O camiño remataba nunca encrucillada e alí as mulleres puxéronse a falar con Celia, que era veciña súa. De repente, escoitaron uns ruídos, coma se fosen de cabalos a correr. Elas asustáronse moito. Todos os cans do pobo ladraban coma tolos e o can das mulleres, que tamén ía con elas, botouse a correr. Consuelo e Erundina, cheas de medo, non eran quen de dar un só paso e metéronse na casa da amiga e alí se quedaron a durmir.

E dende esa, ninguén vai de noite por unha encrucillada por medo da Santa Compaña porque se di que é unha procesión de mortos que te levan ao outro mundo.

Raquel Portela Rodríguez 3ºESO B

O TRASNO DE REBOREDA E O XEROGLÍFICO

Contan que nun monte en Rebordeda habitaba un trasno. Vivía nunca cova agochada debaixo dunha fervenza. O trasno saía todos os días do seu refuxio e baixaba á aldea para lles axudar aos veciños nos seus traballos na leira. Un día despois dunha tormenta o trasno atopou unha pedra que tiña un xeroglífico pintado e comezou a darlle voltas. Como non sabía que facer con ela, ensinoulla a un rapaz da aldea que se chamaba Xoán. O rapaz díxolle ao trasno que lla podían regalar á señora Sara, unha velliña que se encontraba enferma na súa cama, que non podía andar e apenas comía. Foron ao día seguinte á casa da señora Sara e regaláronlle a pedra misteriosa. Á vella fixolle moita ilusión o regalo. De alí a uns días a muller misteriosamente empezou a camiñar coma se dun milagre se tratase. A pedra era máxica e segundo dicía a xente, procedía dos antepasados celtas que a empregaban para curar aos enfermos.

María Martínez Barros 3ºESO B

POR QUE É SALGADA A AUGA DO MAR?

Existíu antano un mariñeiro comerciante que nunha das súas viaxes atopou unha illa de montañas formadas dunha substancia branca, coa que empezou a comerciar ata facerse rico. O mariñeiro casou cunha fermosa muller. Un día o comerciante saíu de viaxe e un malvado raptou á súa muller e levouna prisioneira ao seu castelo.

O comerciante de volta da súa viaxe mobilizou un exército para ir en rescate da súa muller. Ela foi liberada coa axuda do mar pois este destruíu o castelo coas súas augas. O comerciante, para agradecerlle ao mar o favor que lle fixera, botou derriba del todo o sal que descubrira nas montañas. Desde ese día a auga do mar é salgada.

Intercambio con Pádua

A Unión Europea, mediante programas Comenius, convoca axudas que nos permiten realizar un intercambio con centros educativos doutros países.

A finalidade destes intercambios é facer entender que a aprendizaxe de linguas estranxeiras é unha necesidade que vai profundamente ligada ao progreso científico e tecnolóxico; pero tamén é unha maneira de entrar en contacto con outras culturas, realidades, e a mellor forma de erradicar brotes de racismo e xenofobia.

Pero, sobre todo, é unha porta aberta ao alumnado que estea interesado en ver que hai máis aló do seu «pequeno mundo», en intentar manifestar as súas inquedanzas noutra lingua , en abrirse a coñecer adolescentes doutros países…En definitiva, en vivir unha experiencia persoal absolutamente enriquecedora, que abre horizontes e deixa atrás prexuízos.

Obviamente, esta iniciativa supón un es-forzo, un tra-ballo extra de colabora-ción co outro país.

No noso caso, ese país é Italia, máis concreta-mente a ci-dade de Pa-dua. Unha ci-dade que pertence ao Veneto, e que ten moitas semellanzas con nós (a pesar de estarmos a 2.000 km de distancia).

Entre estas semellanzas está a de ser un pobo emigrante; por iso, o tema elexido para traballar en común será a emigración. O tema abarcarase dende distintos puntos de vista, pero, sobre todo, dende o punto de vista literario (Rosalía de Castro, Castelao…) Haberá, por tanto, un traballo de investi-gación, de colabo-ración, de inter-acción…que culmi-nará cun intercambio de alumnos-as. Pri-meiro virán os ita-lianos aquí e, des-pois, iremos nós a Padua. ¿Non vos parece fantástico? Dez días convivindo cunha familia italiana, nun país tan atractivo e interesante coma ese.

De momento estamos pendentes de que o proxecto sexa aprobado en agosto. Mentres tanto, xa tivemos a visita da colega italiana, Paola Stoco, e da súa filla Federica, que tiveron a oportunidade de coñecer Redondela, o noso centro, e parte do alumnado





http://centros.edu.xunta.es/iespedrofloriani

Discover the hidden meaning of your teacher´s names !!

Consuelo
She who consoles «Spanish»
You have great self-confidence and a charming personality which attracts many friends and admirers. Your innate sense of personal power and ability to lead are ideally suited to positions of authority. Being so versatile and seeing the big picture your ambitions are high and much is usually expected of you. With patience and tenacity you will certainly fulfill the great potential you have for success.

Manuel
God is with us «Hebrew»
You are charming, talented and have a very positive attitude to life so it is hardly surprising that you attract success and recognition. Focussed and patient you understand that material rewards are a result of discipline. Being so creative and with a need for self-expression you may be drawn towards the arts, travel is also likely to be important. A loyal friend, you are a person who must be allowed freedom and independence.

Luís
Enigmatic and mysterious you are a profound thinker and philosopher with great analytical ability and strong intuition. Perceptive and understanding you have a wonderful ability to read people. Your creative imagination and eloquence gives you a natural potential for writing and poetry. Very independent and individualistic you follow your own creed.

Victorio
Idealistic, sensitive and emotional you appreciate beauty and need to have a harmonious environment. You are a dependable and conscientious worker and attract material rewards without too much effort. However your altruistic nature is one of giving and service to others with a desire to make the world a better place and you work towards this end. Your affectionate, sincere and understanding manner means that you are much loved.

José Manuel
Very much the individual you have enormous energy and vision and must find a suitable use for your talents. You have great potential for success in business if you can guard against indecision and worry.
Your generous nature means that you are never short of friends and with cooperation your relationships can be very rewarding. Perseverance and firm decision making will ensure you achieve your objectives.

Miguel Ángel
Courageous, intelligent and honest you are a seeker of truth and willingly accept the responsibilities of leadership. Exercising wisdom and sound judgement you base your actions and decisions on the lessons of past experience. Your alert mind and creative ideas assure you of success with any project and can bring you great financial rewards. With your ever positive attitude towards life others find you inspirational.

Xosé Lois
You have great self-confidence and a charming personality which attracts many friends and admirers. Your innate sense of personal power and ability to lead are ideally suited to positions of authority. Being so versatile and seeing the big picture your ambitions are high and much is usually expected of you. With patience and tenacity you will certainly fulfill the great potential you have for success.

Carmen
Songstress «Latin»
You are fairminded, wise and peaceloving and are always willing to help others. Your mental capabilities and creativity are well marked with wonderful and original ideas which you need to bring to tangible fruition. Perceptive and understanding of others your positive approach to life and influential nature means that you have leadership qualities. There is great potential for success both financially and spiritually.

Pilar
Very much the individual you have enormous energy and vision and must find a suitable use for your talents. You have great potential for success in business if you can guard against indecision and worry. Your generous nature means that you are never short of friends and with cooperation your relationships can be very rewarding. Perseverance and firm decision making will ensure you achieve your objectives.

Sonia
Wisdom «Greek»
You are an inspiring leader whose originality, creativity and wisdom are applied to creating practical solutions to «unsolvable» problems. Humanitarian and idealistic your vision is to make the world a better place and you will work to this end. Hardworking and tenacious people admire you for your honesty and integrity. You are a loved and loyal friend and partner. Your have the potential to achieve enormous success in the world.

Ainhoa
Versatile, intelligent and artistically talented. You love to enjoy yourself and tend to experience a happy domestic life and material success. You have a methodical and thorough mind and are able to organise large projects easily. Charming and likeable and with more than your share of sex appeal you tend to find yourself in the spotlight and much admired by others. Life is more fun with you around.

Teresa
Reaper «Greek»
Extremely intelligent in thought and deed you are gifted at communication and finding practical applications for your ideas. You are strong willed and ambitious and need to have passion, freedom and adventure in your life. Always willing to help others your warm, honest and loyal nature ensures that you are loved by all. It is likely that you will achieve a great deal of success and recognition in life.

Quen é quen

Identifica as profes e os profes e gaña un impresionante reproductor Mp3 de ultimísima xeración. Entrega as respostas na conserxería do Centro antes de fin de curso. Se houbese varios acertantes, realizarase un sorteo ante *notario*.

1

2

3

5

6

4

7

PISTAS: Os pais do número 1 fan unha empanada boisima. A número 2, pois eso, é a número 2. O número 3 estivo a piques de fichar pola NBA. O número 4 quería ser capitán de fragata. O cabalo do número 5 chamábase «Furia». A número 6 sinala co dedo o camiño a seguir. A número 7, pois eso, é a número 7.

Pasatempos

Busca as diferencias

Silábico

- Que se expresa con poucas palabras ao escribir ou falar.
- Aplicará sulfato a unha planta ou a unha plantación.
- Unión sexual.
- Dise do pobo, persoa ou animal que non ten morada fixa.
- Localidade luquesa.
- Dise da persoa libertina cargada de vicios.
- Vaso sagrado onde se fai a consagración do viño durante a misa.
- Xogo de mesa.
- Pata dianteira do porco, despois de matado e despezado.
- Axente nomeado por un goberno para defender os seus intereses nun país estranxeiro.
- Que se move, actúa ou é realizado en pouco tempo, con celeridade.
- Relativo á democracia ou conforme a ela.
- Que ten dez patas.
- Perda, total ou non, do movemento nalgunha parte do corpo.



Localiza nesta sopa de letras as palabras definidas. Todas elas levan -sp- ou -xp-.

S	U	N	F	E	O	E	C	S	X	U
I	R	B	H	D	L	A	X	L	A	N
E	S	P	R	E	M	E	D	C	R	T
X	E	C	B	E	X	A	U	X	A	E
A	X	F	S	T	R	A	Ñ	C	M	I
S	T	C	H	I	X	U	C	A	P	X
T	E	S	C	A	V	A	R	C	O	A
R	T	F	R	X	A	S	M	I	N	S
E	C	G	A	Z	C	H	E	S	U	O

- Dise da persoa que se poco ou que non se move. → .....
- Extraer terra dun lugar facendo un oco grande no terreo. → .....
- Raro, diferente do como adoita ser. → .....
- Flor en forma de funil, branca e moi recendente. → .....
- Enfermidade contaxiosa producida por un virus, que se manifesta pola presenza de manchas rubias na pel. Tamén se di sarampelo. → .....
- Aparello que serve para espremer laranxas, limóns e outros froitos semellantes. → .....
- Polígono de seis lados e seis ángulos. → .....
- Substancia untuosa contida en certos tecidos animais e vexetais: sebo, manteiga, aceite... → .....
- Persoa que se dedica a facer roupa para home, sobre todo traxes, e ás veces para muller. → .....
- Conxunto musical de seis membros. → .....